

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Presupostos e cadros de persoal***APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO  
1/2019**EDICTO*

O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 4 de marzo de 2019, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 01/2019, por un importe total de 15.833.256,20 euros. Este expediente de modificación de créditos inclúe suplementos de créditos por importe total de 15.069.953,68 euros e créditos extraordinarios por importe total de 763.302,52 euros.

De conformidade co establecido no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLHL), dito expediente queda exposto ó público no Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación Provincial de Pontevedra por un período de quince días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para que os interesados lexitimados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas polos motivos enumerados no artigo 170.2 do TRLHL.

Así mesmo durante o prazo de exposición pública e de acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse na páxina web “www.depo.gal” as correspondentes memorias xustificativas e informes do expediente de modificación de créditos número 01/2019.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Pontevedra, 4 de marzo de 2019.—O deputado delegado área Economía, Facenda e Réxime Interior (Delegación efectuada por R.P. nº 2016007829 de data 25-04-2016), Carlos López Font.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.

